

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Davide Rodríguez Estévez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 7.^a**

A repetición dun alto número de incendios forestais que arrasan cada ano gran cantidade de hectáreas no noso país pon de manifesto a necesidade de cambiar o modelo no sistema de prevención e extinción de incendios forestais, xa que o actual non permite facerlle fronte ao problema.

Para frear esta situación é preciso apostar por un modelo que se basee na prevención dos incendios en todas as épocas do ano, e non só, como fai o actual, nos periodos de máximo risco. Isto vai da man da elevada precariedade que padecen a maioría de traballadores do sector, xa que, a maioría son contratados só durante 3 meses ao ano.

A todo isto temos que sumarlle a proliferación de empresas privadas que están a traballar día a día nos nosos montes "inflando" así o "negocio do lume". Práctica habitual utilizada polo Partido Popular en detrimento do Servizo Público de Defensa e Prevención de Incendios Forestais.

Con data de 15 de outubro de 2016, a Consellería de Medio Rural pechou as bases de helicópteros que dependen directamente de dita consellería: Vilarmaior (Ourense), Marroxo (Lugo) e Campiño (Pontevedra), sen embargo non pechou as bases de xestión privada de Toén e o Barco en Ourense,



Portomarín en Lugo e a de Queimadelos en Pontevedra, todas elas pertencentes á empresa privada Natutechnia.

Por todo isto, formulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a:

Cal é o motivo polo cal se botan a rúa a decenas de traballadores do Servizo Público mentres siguen contratadas empresas privadas como Natutécnia?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/11/2016 14:01:10

David Rodríguez Estévez na data 04/11/2016 14:01:18